

manifesto

HOMES ENFRENTÁNDOSE Á VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Eu, como home que sabe da amplitude e gravidade do problema da violencia masculina hacia as mulleres, e que asume a filosofía do respecto e igualdade dos dereitos entre homes e mulleres, estou disposto a:

Comprometerme na loita pola erradicación da violencia doméstica, a través dunha postura activa na miña vida persoal, laboral e social.

Para elo propóñome:

Decir Non a todo exercicio de violencia física, psicolóxica, emocional, ou de calquera tipo contra as mulleres.

Non ser tolerante, cómplice e xustificador de dita violencia. Denunciar públicamente o problema e ós que exercen violencia.

Propoñer o debate sobre a violencia en tódolos ámbitos da miña vida cotiá.

Cuestionar e modificar o modelo machista tradicional que recibin e que nos ensinou que ser home dá algún tipo de dereito ou autoridade especial sobre as mulleres, e que a única emoción que podemos manifestar sen avergoñarnos, é a agresividade. O sexismo conduce a producir danos nas mulleres e ademais impide ós homes ser emocionais, empáticos e cuidadosos, deshumanizándoos.

Reflexionar sobre o meu propio comportamento, estar alerta e ser crítico fronte ós múltiples medios que uso e usan outros homes para controlar e dominar ás mulleres.

Non aproveitarme da miña forza, xa sexa física, social ou de personalidade para impoñer os meus desexos ou descargar tensións sobre as mulleres. Non permitir tampouco, que outros homes o fagan.

Aprender a negociar, recoñecer os erros e resolver pacificamente os conflitos, xa que a violencia nunca pode ser un recurso válido nas relacións coa muller.

Apoiar ás mulleres nas súas loitas contra a violencia e solidarizarme coas mulleres vítimas da violencia de xénero.

Procurar organizar reflexións, discusións ou actividades entre homes, destinadas a erradicar a violencia masculina nos meus lugares de estudo, traballo ou lecer.

Loitar para que se cuestione na educación os conceptos da masculinidade tradicional violenta, tanto nos centros de ensinanza, como na familia e nos medios de comunicación, para evitar que os modelos que orixinan a violencia se sigan reproducindo.

Reclamar ós poderes públicos para que as leis contra a violencia existan, sexan efectivas e se cumpran.



AMIGOS de As Pontes Xuntos faremos máis.

O manifesto dos homes que se enfrentan a violencia contra as mulleres é un compromiso de carácter individual que desde o Proxecto Mercurio propoñemos ós varóns.

Asinalo representa un exercicio de responsabilidade, e difundilo entre os homes cercanos, posibilita a outros o compromiso e a toma de conciencia sobre o problema.

Envíanos a túa sinatura, difunde o manifesto, e envíanos outras sinaturas.